

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### MINISTERIO DE XUSTIZA

**15392** *Real decreto 1049/2020, do 1 de decembro, polo que se modifica o Regulamento polo que se regula o procedemento para a adquisición da nacionalidade española por residencia, aprobado polo Real decreto 1004/2015, do 6 de novembro.*

O Regulamento polo que se regula o procedemento para a adquisición da nacionalidade española por residencia, aprobado polo Real decreto 1004/2015, do 6 de novembro, inclúe previsións relativas á regulación das probas obxectivas tanto de diplomas de español como lingua estranxeira (DELE), como de coñecementos constitucionais e socioculturais de España (CCSE), deseñadas e administradas polo Instituto Cervantes, de conformidade co penúltimo parágrafo do punto 3 da disposición derradeira sétima da Lei 19/2015, do 13 de xullo, de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración de xustiza e do Rexistro Civil, e co establecido na normativa específica do Instituto Cervantes e no Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro, polo que se regulan os diplomas de español como lingua estranxeira (DELE).

A situación excepcional durante o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, declarado polo Real decreto 463/2020, do 14 de marzo, puxo de manifesto a urxente necesidade de adaptar os procedementos de administración dos exames CCSE e DELE para a obtención da nacionalidade española, coa finalidade de continuar, na medida do posible, a súa realización. Entre as medidas de adaptación dos ditos procedementos resulta indispensable posibilitar a súa realización de forma remota, coas medidas de seguridade suficientes para a identificación do candidato e o desenvolvemento do exame.

Para iso, e conforme a habilitación establecida na disposición derradeira oitava da Lei 19/2015, do 13 de xullo, resulta necesaria a reforma do Regulamento polo que se regula o procedemento para a adquisición da nacionalidade española por residencia, aprobado polo Real decreto 1004/2015, do 6 de novembro, de maneira que o artigo 6.2 prevexa expresamente a posibilidade de que as probas DELE e CCSE poidan administrarse tamén a distancia utilizando medios electrónicos nos supostos e cos requisitos que determine o Instituto Cervantes. Así mesmo, por coherencia normativa faise necesaria a modificación do artigo 6.3 prevendo igualmente a dita posibilidade.

A reforma adecúase aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguridade xurídica, transparencia e eficiencia establecidos no artigo 129.1 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, pois persegue un interese xeral como é continuar a realización dos exames DELE e CCSE, contén a regulación imprescindible para atender a necesidade que se pretende cubrir, é coherente co resto do ordenamento xurídico, en particular coa normativa de nacionalidade e a lexislación educativa, define con claridade o obxectivo que se persegue, isto é, a posibilidade de administrar probas a distancia mediante medios electrónicos, e non introduce cargas administrativas innecesarias.

O real decreto dítase ao abeiro do artigo 149.1, regras 2.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup>, da Constitución española, que atribúe ao Estado, respectivamente, as competencias exclusivas en materia de nacionalidade e para ditar a regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos e profesionais.

Na tramitación do proxecto deuse cumprimento ao trámite de audiencia e información pública e emitíronse os informes do Ministerio de Asuntos Exteriores, Unión Europea e Cooperación e Instituto Cervantes; Ministerio de Educación e Formación Profesional; Ministerio de Inclusión, Seguridade Social e Migracións; Ministerio de Política Territorial e Función Pública; Foro para a Integración Social dos Inmigrantes; Ministerio da Presidencia,

Relacións coas Cortes e Memoria Democrática (Oficina de Coordinación e Calidade Normativa) e o preceptivo informe da Secretaría Xeral Técnica do Ministerio de Xustiza.

Na súa virtude, por proposta do ministro de Xustiza, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 1 de decembro de 2020,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do Regulamento polo que se regula o procedemento para a adquisición da nacionalidade española por residencia, aprobado polo Real decreto 1004/2015, do 6 de novembro.*

Un. O punto 2 do artigo 6 do Regulamento polo que se regula o procedemento para a adquisición da nacionalidade española por residencia, aprobado polo Real decreto 1004/2015, do 6 de novembro, queda redactado no seguintes termos:

«2. Ambas as probas serán deseñadas e administradas polo Instituto Cervantes, de acordo co penúltimo parágrafo do número 3 da disposición derradeira sétima da Lei 19/2015, do 13 de xullo, de medidas de reforma administrativa no ámbito da Administración de xustiza e do Rexistro Civil, e co establecido na normativa específica do Instituto Cervantes e no Real decreto 1137/2002, do 31 de outubro, polo que se regulan os diplomas de español como lingua estranxeira (DELE).

As probas serán presenciais, aínda que poderán ser tamén administradas a distancia utilizando medios electrónicos que permitan comprobar a identidade dos interesados e o correcto desenvolvemento das probas, nos supostos e cos requisitos que determine o Instituto Cervantes».

Dous. O punto 3 do artigo 6 do Regulamento polo que se regula o procedemento para a adquisición da nacionalidade española por residencia, aprobado polo Real decreto 1004/2015, do 6 de novembro, queda redactado nos seguintes termos:

«3. En todo caso, a proba de coñecementos constitucionais e socioculturais de España estará formada por un sesenta por cento de preguntas relativas a coñecementos sobre a Constitución e a organización administrativa e territorial de España, e por un corenta por cento de cuestións sobre a cultura, a historia e a sociedade españolas. Todas as preguntas desta proba serán de resposta pechada e terán o mesmo valor dentro do conxunto da proba, a cal se levará a cabo, sen prexuízo da realización a distancia nos termos establecidos no punto anterior, con carácter periódico nos centros de exame recoñecidos polo Instituto Cervantes para realízalas. Os procedementos e prazos para solicitude de revisión de cualificacións ou reclamacións deberán estar aprobados e publicados con carácter previo ás probas».

Disposición derradeira primeira. *Título competencial.*

Este real decreto dítase ao abeiro do disposto nas regras 2.<sup>a</sup> e 30.<sup>a</sup> do artigo 149.1 da Constitución, que atribúen ao Estado a competencia exclusiva sobre nacionalidade, e sobre regulación das condicións de obtención, expedición e homologación de títulos académicos, respectivamente.

Disposición derradeira segunda. *Habilitación para a aplicación.*

Facúltase a persoa titular da Dirección Xeral de Seguridade Xurídica e Fe Pública para ditir, no ámbito das súas competencias, cantas instrucións sexan precisas para a aplicación do establecido neste real decreto.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 1 de decembro de 2020.

FELIPE R.

O ministro de Xustiza,  
JUAN CARLOS CAMPO MORENO